



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2016/17 |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------------|----------|---------|
| Asignatura (*) | Literatura Inglesa 1 | Código | 613G02010 | | |
| Titulación | | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 | |
| Idioma | Inglés | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Filoloxía Inglesa | | | | |
| Coordinación | Cabarcos Traseira, Maria Jesus | Correo electrónico | maria.jesus.cabarcos@udc.es | | |
| Profesorado | Cabarcos Traseira, Maria Jesus | Correo electrónico | maria.jesus.cabarcos@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ofrece unha visión panorámica e contextualizada da literatura inglesa dende as súas orixes ata finais do século XVII. Estúdanse obras literarias de diversos xéneros e estilos en lingua inglesa e analízanse diferentes aspectos das obras estudadas aplicando fundamentos básicos da crítica literaria. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|-----------------------------------|----------|
| | A7 | B3 | C2 |
| Adquirir unha visión diacrónica da literatura inglesa dende as súas orixes ata finais do século XVII. | | B7 B8 | |
| Elaborar, individualmente ou en grupo, traballos escritos de diversa índole en lingua inglesa. | A1 A6 A9 A10 A15 | B2 B4 B5 B6 B7 B10 | C2 C4 |
| Manexar a lingua inglesa con corrección tanto de forma oral como escrita nas actividades do curso. | A6 | B4 | C2 C7 |
| Analizar diferentes aspectos das obras estudadas aplicando fundamentos básicos da crítica literaria. | A1 A2 A3 A6 A7 A15 | B1 B7 | C2 C4 |
| Ler na versión orixinal inglesa obras literarias de diversos xéneros e estilos. | A6 A7 | B6 | C2 |
| Expoñer, oralmente e / ou por escrito, ideas, opinións e interpretacións críticas razoadas. | A2 A6 | B4 B6 B7 B8 B10 | C2 |

Contidos



| Temas | Subtemas |
|--|--|
| 1. Que é a literatura? Que é a literatura inglesa? | 1.1. O "canon" da literatura inglesa 1.2. Periodización |
| 2. O período anglosaxón ou de inglés antigo na literatura inglesa (450-1066) | 2.1. Introducción á historia da literatura inglesa anterior ao século XI 2.2. Literatura oral e manuscritos 2.3. Poesía épica e elexíaca Lecturas: Fragmentos de Beowulf e ?The Dream of the Rood? |
| 3. Literatura inglesa medieval ou período do inglés medio (1066-1500) | 3.1. Introducción: contexto histórico, social e cultural 3.2. Teatro relixioso inglés a) Orixes do teatro inglés b) Misterios, milagres e moralidades medievais Lectura: Fragmentos de Everyman 3.3. Geoffrey Chaucer e os seus contemporáneos a) Gower e o poeta Gawain b) Chaucer e a súa obra Lectura: Fragmentos do ?Prólogo General" de The Canterbury Tales, de Geoffrey Chaucer 3.4. Lírica inglesa dos séculos XIV e XV a) Poesía lírica medieval b) Amor cortés c) Romances medievais Lecturas: ?In praise of women,? ?Syng We, Syng We,? ?Gentillesse,? fragmentos de ?Merciless Beauty? |
| 4. A literatura inglesa renacentista (1500-1660) | 4.1. Introducción: contexto histórico, social e cultural 4.2. Poesía do século XVI: o soneto inglés a) Wyatt e Surrey b) Sidney, Spenser e Shakespeare Lecturas: selección de sonetos 4.3. Teatro renacentista inglés a) Edificacións, convencións e tipo de obras b) Teatro isabelino e xacobeo: Marlowe e Shakespeare Lectura: Hamlet 4.4. Poesía metafísica de principios do XVII a) Poetas metafísicos e "cavalier" b) John Donne e Andrew Marvell Lecturas: selección de poemas |
| 5. A Restauración (1660-1700): prosa de finais do XVII | 5.1. Prosa relixiosa 5.2. Autobiografía e diarios 5.3. Libros de viaxe Lecturas: Fragmentos do Diary de Samuel Pepys |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Discusión dirixida | | 14 | 0 | 14 |
| Lecturas | | 0 | 45 | 45 |
| Sesión maxistral | | 21 | 10 | 31 |
| Traballos tutelados | | 0 | 30 | 30 |
| Proba mixta | | 2 | 10 | 12 |



| | | | | |
|------------------------|--|---|---|----|
| Seminario | | 7 | 7 | 14 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Discusión dirixida | Nunha materia de literatura, o debate é unha ferramenta indispensable para a profundización e a asimilación dos contidos, para o contraste de ideas e interpretacións. Pode ter lugar na clase en grupo grande nas horas de D.E. (docencia expositiva) ou en grupos pequenos nas de T.G.R. (titoría en grupos reducidos) pero principalmente será a metodoloxía arredor da que se estruturen as horas asignadas a D.I. (docencia interactiva). |
| Lecturas | Para unha materia de literatura é esencial que cada estudante se responsabilice de ter feitas as lecturas asignadas para cada día antes de entrar na aula. En Literatura Inglesa I, o calendario de lecturas darase a coñecer tanto na clase como na plataforma moodle. É igualmente responsabilidade de cada estudante estar ao tanto das posibles modificacións relativas tanto ao temario como ao desenvolvemento da materia. |
| Sesión maxistral | Nas horas asignadas a D.E., a profesora exporá os contidos teóricos relativos á literatura inglesa e o seu contexto dende as súas orixes ata finais do século XVII, así como os conceptos básicos cos que se van analizar. Todos estes contidos desenvolveranse despois nas clases de D.I. e T.G.R. |
| Traballos tutelados | O alumnado realizará traballos escritos (ex., análises de texto) que se farán, maioritariamente, en horario lectivo. Fóra da aula, cada estudante deberá realizar tarefas previas, como por exemplo, as lecturas, pero poderá tamén levar a cabo procesos de redacción, revisión e edición, etc. |
| Proba mixta | No exame final o alumnado deberá demostrar que domina os contidos teóricos presentados nas clases de D.E. (grupo grande) e as destrezas prácticas traballadas en todas as clases, especialmente nos grupos de D.I. (grupos medianos) e de T.G.R. (grupos pequenos). O exame terá dúas partes (con igual peso na nota global da proba): I) preguntas breves (definicións de termos críticos, de períodos, identificación de fragmentos dos textos estudados, etc); II) redacción ben estruturada dunha análise e/ou interpretación dun texto (da lista de lecturas) segundo as directrices estudadas ao longo do cuatrimestre. |
| Seminario | Nas horas adicadas a T.G.R. profundizaremos na discusión e exposición oral e (principalmente) escrita, de xeito razoado, como corresponde a este entorno académico, das interpretacións xeradas polas lecturas e a aprendizaxe levada a cabo nas clases de D.E. e D. I. |

| Atención personalizada | |
|----------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados Seminario | Nos seminarios desenvolveranse actividades en grupos reducidos ou individuais. O profesorado supervisará o traballo de cada estudante durante estas actividades especialmente. Recoméndase que cada estudante utilice as horas de titoría para profundizar en calquera cuestión relacionada coa materia e que alomenos acuda a unha titoría individual durante o curso para discutir o seu progreso. |

| Avaliación | | | |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| | | | |



| | | | |
|---------------------|--|---|----|
| Proba mixta | | Haberá un exame final no que o alumnado deberá demostrar que domina os contidos teóricos presentados nas clases de D.E. (grupo grande) e as destrezas prácticas traballadas en todas as clases, especialmente nos grupos de D.I. (grupos medianos) e de T.G.R. (grupos pequenos). O exame terá dúas partes (con igual peso na nota global da proba): I) preguntas breves (definicións de termos críticos, de períodos, identificación de fragmentos dos textos estudados, etc); II) redacción ben estruturada dunha análise e/ou interpretación dun texto (da lista de lecturas) segundo as directrices estudadas ao longo do cuatrimestre. Non se pode aprobar a materia se obter un mínimo de 4 sobre 10 neste exame (nunca menos dun 1,75 sobre 5 en cada unha das dúas partes). Se non se chega a estes mínimos nesta proba, non se lle sumará á nota do exame ningunha outra nota obtida no resto de apartados avaliados. | 50 |
| Discusión dirixida | | A asistencia colaborativa ás clases contará ata un 5%. Adicionalmente, o profesorado valorará o compromiso diario de cada estudante coa súa aprendizaxe ata un 15%. Para isto, terase en conta a contribución activa e o rendimento de cada estudante nos exercicios individuais e/ou en grupo, orais e/ou escritos, e a atención prestada ás explicacións por parte do profesorado e do resto do alumnado. | 20 |
| Traballos tutelados | | Traballos escritos de dificultade diversa, feitos na clase, nos que o alumnado debe demostrar, principalmente, a súa capacidade de interpretación literaria e análise textual, así como de redacción argumentativa en inglés. | 30 |

Observacións avaliación

Obterase unha calificación de "non presentado" por non acudir ao exame e/ou por ter completado traballo de curso que represente unha porcentaxe inferior ao 50%. A oportunidade de avaliación en xullo constará de dous apartados: 1) unha proba escrita ou exame final (co mesmo deseño e aplicándose idénticos criterios que na primeira oportunidade) que avaliará o dominio dos contidos impartidos durante o ano e que computará o 50% da nota; 2) a(s) actividade(s) escritas que se especifique(n) no caso de cada estudante, que se deberá(n) entregar, como moi tarde, ao comezo do exame final, e que contará(n) o outro 50% da nota. Por exemplo, o alumnado que deba recuperar este segundo apartado ao completo deberá entregar un traballo individual e persoal de interpretación literaria e análise textual de 5-6 páxs. sobre o tema que se especificar no seu momento.

O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase do mesmo xeito que o especificado para a oportunidade de xullo. O alumnado que se presenta á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade. Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.

Fontes de información



| | |
|---|--|
| <p>Bibliografía básica</p> | <p>Lecturas obrigatorias: - Fragmentos de Beowulf.- Fragmentos de ?The Dream of the Rood?. - Selección de lírica medieval. - Fragmentos do ?Prólogo? a The Canterbury Tales de Geoffrey Chaucer.- Fragmentos de Everyman. - Sonetos de Sidney, Spenser e Shakespeare. - William Shakespeare, Hamlet. - Selección de poemas de John Donne e Andrew Marvell.- Fragmentos do Diary de Samuel Pepys. Ao comezo de curso porase ao dispor do alumnado unha copia das lecturas obrigatorias (en Reprografía, en Moodle, ou na clase), coa excepción da obra Hamlet de Shakespeare, que cada estudante deberá conseguir pola súa conta. Esta copia deberá ser na súa versión orixinal e completa, e calquera edición que cumpra estas características (ex., Oxford University Press, Penguin, Longman, Cambridge UP, entre outras). Pódese utilizar unha edición bilingüe para a lectura, mais todas as alusións feitas á obra en discusións orais / escritas deberanse referir á versión inglesa.</p> |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | <p>Recursos impresos:Abrams, M. H., et. al., gen. ed., <i>The Norton Anthology of English Literature. </i>2 vols. 7<sup>th</sup> ed. New York: Norton, 2000.Alexander, Michael. <i>A History of English Literature. </i>London: Macmillan, 2000.Blamires, Harry. <i>A Short History of English Literature. </i>London: Routledge, 1984.Beadle, Richard, ed. <i>The Cambridge Companion to Medieval English Theatre. </i>Cambridge: Cambridge University Press, 1994.Burrow, J. A. <i>Middle English Literature. </i>Oxford: Blackwell, 2004.Carter, Ronald and John McRae, <i>The Routledge History of Literature in English. Britain and Ireland. </i>London & New York: Routledge, 1998.Clanchy, M. T. <i>From Memory to Written Record: England 1066-1307. </i>Oxford: Blackwell, 1992.Ford, Boris, ed. <i>The Pelican Guide to English Literature.</i> 8 vols. Harmondsworth: Penguin, 1988.Godden, Malcolm, and Michael Lapidge, eds. <i>The Cambridge Companion to Old English Literature. </i>Cambridge: Cambridge University Press, 1991.MacLean, Gerald, ed. <i>Culture and Society in the Stuart Restoration: Literature, Drama, History.</i>Cambridge: Cambridge University Press, 2008.Ousby, Ian. <i>The Cambridge Guide to Literature in English. </i>Cambridge: Cambridge University Press, 1983.Rogers, Pat, ed., <i>The Oxford Illustrated History of English Literature.</i> Oxford: Oxford University Press, 1994.Sanders, Andrew. <i>The Short Oxford History of English Literature</i>. Oxford: Oxford University Press, 1994.Recursos na rede:- English Literature: <u>http://www.lang.nagoya-u.ac.jp/~matsuoka/EngLit.html#Medieval </u>- Luminarium. Anthology of English Literature: <u>http://www.luminarium.org/lumina.htm</u> - Medieval England: <u>http://www8.georgetown.edu/departments/medieval/labyrinth/subjects/british_isles/england/england.html</u>- The Cambridge History of English and American Literature: <u>http://www.bartleby.com/cambridge/</u> - The Norton Anthology of English Literature: www.wwnorton.com/nael/ Recursos impresos:Abrams, M. H., et. al., gen. ed., The Norton Anthology of English Literature. 2 vols. 7th ed. New York: Norton, 2000.Alexander, Michael. A History of English Literature. London: Macmillan, 2000.Blamires, Harry. A Short History of English Literature. London: Routledge, 1984.Beadle, Richard, ed. The Cambridge Companion to Medieval English Theatre. Cambridge: Cambridge University Press, 1994.Burrow, J. A. Middle English Literature. Oxford: Blackwell, 2004.Carter, Ronald and John McRae, The Routledge History of Literature in English. Britain and Ireland. London & New York: Routledge, 1998.Clanchy, M. T. From Memory to Written Record: England 1066-1307. Oxford: Blackwell, 1992.Ford, Boris, ed. The Pelican Guide to English Literature. 8 vols. Harmondsworth: Penguin, 1988.Godden, Malcolm, and Michael Lapidge, eds. The Cambridge Companion to Old English Literature. Cambridge: Cambridge University Press, 1991.MacLean, Gerald, ed. Culture and Society in the Stuart Restoration: Literature, Drama, History.Cambridge: Cambridge University Press, 2008.Ousby, Ian. The Cambridge Guide to Literature in English. Cambridge: Cambridge University Press, 1983.Rogers, Pat, ed., The Oxford Illustrated History of English Literature. Oxford: Oxford University Press, 1994.Sanders, Andrew. The Short Oxford History of English Literature. Oxford: Oxford University Press, 1994.Recursos na rede:- English Literature: http://www.lang.nagoya-u.ac.jp/~matsuoka/EngLit.html#Medieval - Luminarium. Anthology of English Literature: http://www.luminarium.org/lumina.htm - Medieval England: http://www8.georgetown.edu/departments/medieval/labyrinth/subjects/british_isles/england/england.html- The Cambridge History of English and American Literature: http://www.bartleby.com/cambridge/ - The Norton Anthology of English Literature: www.wwnorton.com/nael/</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G01003



| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
|--|
|--|

| |
|--|
| Introdución aos Estudos Literarios/613G01005 |
|--|

| |
|----------------------------|
| Lingua Inglesa 2/613G01008 |
|----------------------------|

| Materias que continúan o temario |
|----------------------------------|
|----------------------------------|

| |
|--------------------------------|
| Literatura Inglesa 2/613G01017 |
|--------------------------------|

| Observacións |
|--------------|
|--------------|

| |
|--|
| (*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías |
|--|